

# OBRADOIROS

DIXITALIZACION, SUSTENTABILIDADE  
E  
LOXÍSTICA AVANZADA



Financia:



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA

# OBRADOIROS

## DIXITALIZACION, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

### OBXECTIVOS

ABRIL – MAIO 2025

A transición ecolóxica é hoxe en día un desafío crucial para as pequenas e medianas empresas do país. Nunha contorna marcada pola incerteza económica, o aumento na carga administrativa e burocrática e dificultades para acceder a recursos financeiros, a adopción de solucións respetuosas co medio ambiente resulta complexa e, ao mesmo tempo, unha garantía de futuro sustentable e competitivo.

Para as pemes non resulta fácil o acceso ao coñecemento, ferramentas e recursos necesarios para o establecemento dunha **estratexia de sustentabilidade**, dirixida a reducir a súa pegada de carbono, a acadar a xestión circular e máis eficiente de recursos como a enerxía, a auga ou os residuos.

Mais estes retos poden converterse en oportunidades que redunden nun incremento da competitividade da empresa, contribúan á atracción e retención de talento, faciliten o acceso a financiamento, subvencións ou deducións fiscais, e impulsen a resiliencia ante os novos desafíos globais.

Nesta liña, é importante ter en conta que a provincia de Lugo é hoxe a “despensa de España”, cunha gran produción de alimentos e materias primas, e industrias agroalimentarias líderes que deben afrontar ese difícil reto da **transición ecolóxica** para seguir sendo competitivas nun mercado cada vez máis globalizado.

É por todas estas razóns que, dende a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), se poñen en marcha os **OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES EN DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA**, co principal obxectivo de abordar os diferentes problemas das empresas en materia de transición ecoloxía, ofrecéndolles solucións nas áreas de sustentabilidade e en temas específicos como:

- **Análise de ciclo de vida da empresa e o seu produto**
- **Descarbonización da cadea loxística**
- **Xestión e valorización de residuos**
- **Xestión da enerxía**
- **Simbiose industrial**

Os obradoiros inclúen cinco sesións de traballo teórico e práctico intensivo, titorías periódicas individualizadas, vista a unha planta con prácticas exitosas en materia de sustentabilidade e un encontro ou Think Tank final para intercambio de solucións exitosas.

### MODALIDADE DE IMPARTICIÓN HÍBRIDA

Presencial e **ONLINE**, adaptada ás necesidades de cada empresa

Organiza:



Financia:



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA

Coordina:



# OBRADOIROS

## DIXITALIZACION, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

### PLANIFICACIÓN

### HÍBRIDOS: ONLINE E PRESENCIAL

OBRADOIROS	CONTIDO	DURACION SESIÓN
SESIÓN 1	Presentación do proxecto. Análise de ciclos de vida de empresa e produto. Pegada de carbono, hídrica e ambiental.	3 horas
SESIÓN 2	Descarbonización na cadea loxística	3 horas
SESIÓN 3	Xestión e valorización de residuos en industrias: cartón, plásticos, subprodutos, residuos perigosos, outros.	3 horas
SESIÓN 4	Xestión da enerxía en procesos industriais.	3 horas
SESIÓN 5	Procesos de simbiose industrial e economía circular.	3 horas
TITORÍAS VIRTUAIS	Titorías virtuais para apoio e resolución de dúbidas.	TODO o Obradoiro 1 hora / sesión
LIVING LAB	Caso de éxito: visita planta industrial (boas prácticas)	5 horas
THINK TANK	Evento final aberto ao público	3 horas

#### DATAS PREVISTAS (\*)

Xoves, 3 de abril de 2025: OBRADOIRO | SESIÓN 1

Venres, 11 de abril de 2025: OBRADOIRO | SESIÓN 2

Xoves, 24 de abril de 2025: OBRADOIRO | SESIÓN 3

Xoves, 8 de maio de 2025: OBRADOIRO | SESIÓN 4

Venres, 16 de maio de 2025: OBRADOIRO | SESIÓN 5

Semana 19–23 maio 2025: Visita LIVING LAB e THINK TANK de peche

(\*) As datas poden sufrir algunha modificación en función dos participantes

**HORARIO DE MAÑÁ**  
De 11:00 a 14:00 horas

**INSCRIPCIÓN**

Organiza:



Financia:



Coordina:



# OBRADOIROS

## DIXITALIZACION, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

### CONTIDOS

#### OBRADOIRO | SESIÓN 1 **Xoves, 3 de abril de 2025**

**Obxectivos:** Comprender para que serven e como implementar as ferramentas de medición de impacto ambiental dun produto ou proceso ao longo de todo o seu ciclo de vida, aliñados con estratexias de redución da pegada de carbono e pegada hídrica.

**Contidos:**

- Ferramentas online e software de cálculo da pegada de carbono.
- Ferramentas orientadas ao cálculo da pegada hídrica.
- Melloras en sensórica en proceso orientada ao cálculo de todos os impactos asociados a un produto mediante metodoloxía PEF (*Product Environmental Footprint*).
- Compensación de emisións entre empresas.
- Recuperación de augas para recirculación en produción, sistemas antincendios, rega, etc.
- Casos de éxito

#### OBRADOIRO | SESIÓN 2 **Venres, 11 de abril de 2025**

**Obxectivos:** Implementar procesos e xestión de datos para reducir a produción de emisións nos procesos da cadea loxística.

**Contidos:**

- Dixitalización como primeiro paso de actualización de almacéns.
- Primeiros pasos de loxística avanzada.
- Estratexias de xestión en loxística inversa ou similares.
- Flora: tipoloxías de flota e alcance
- Novas fontes de enerxía e combustibles: hidróxeno, biometano, etc.
- Casos de éxito.

#### OBRADOIRO | SESIÓN 3 **Xoves, 24 de abril de 2025**

**Obxectivos:** Aposar exemplos de xestión e valorización, prestando especial atención ao custe - beneficio e á nova normativa.

**Contidos:**

- Tipoloxías de xestión de residuos: residuos perigosos, residuos de construción, residuos forestais, residuos da industria alimentaria, etc.
- Casos internos de separación de residuos comúns en polígonos industriais.
- Saídas actuais: incineración, dixestión, vertedoiro... Busca de opcións orientadas á sustentabilidade, especialmente nos casos de residuos plásticos, de construción, perigosos, etcétera.

#### OBRADOIRO | SESIÓN 4 **Xoves, 8 de maio de 2025**

**Obxectivos:** Coñecer as solucións actuais para a xestión de enerxías renovables e incorporación de novos sistemas de abastecemento e almacenamento.

**Contidos:**

- Estratexias de control de enerxía: necesidade de enerxía renovable acorde á pegada de carbono.
- Tipos de enerxía: solar, eólica, hidróxeno, biomasa, etcétera.
- Hibridación de tecnoloxías.
- Comunidades enerxéticas.

Organiza:



Financia:



Coordina:



# OBRADOIROS

## DIXITALIZACION, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

### CONTIDOS

#### OBRADOIRO | SESIÓN 5 Venres, 16 de maio de 2025

**Obxectivos:** Analizar exemplos de simbiose industrial mediante a aplicación de todos os puntos tratados nas sesións anteriores.

**Contidos:**

- Exemplos prácticos de parques e zonas industriais con procesos integrados de simbiose industrial.
- Estudio de indicadores de circularidade nas empresas.
- Proxectos para a reestructuración ou creación de novos polígonos ligados á economía circular.
- Casos de éxito.

#### LIVING LAB

**Obxectivos:** Coñecer "in situ" boas prácticas en materia de sostibilidade, circularidade

**Contidos:**

- Visita a planta industrial con

#### THINK TANK

**Obxectivos:** Foro para volcar todos os coñecementos, solucións, dúbidas, ideas e inquietudes na boca dos seus protagonistas, a fin de acadar conclusións reais aplicables que se poidan permeabilizar a través da CEL e as AAPP caa ao tecido empresarial e a sociedade en xeral.

**Contidos:**

- Presentación final de resultados, experiencias e retos de cara ao futuro.
- Participación de técnicos do IGAPE para que poidan avaliar as propostas e comunicar directrices ás empresas participantes.
- Apertura a outras entidades de interese para o alumnado (Consellería de Medio Rural, clusters, Universidade, centros tecnolóxicos, etc).
- Aberto ao público xeral a efectos de difusión e proxección.

**Relatores especializados**  
**Casos de éxito**  
**Formación técnica**  
**Titorías individualizadas**

**INSCRIPCIÓN**



 [www.cel.es](http://www.cel.es)

**+ INFO:**

 982 23 11 50

Organiza:



Financia:



Coordina:

